

50.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 28 DE NOVEMBRO DE 2016.

Alcalde en Funcións:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Ausentes:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 49 DE DATA 21 DE NOVEMBRO DE 2016.

Aprobose a acta núm. 49 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o 21 de Novembro de 2016.

2.- AUTORIZACIÓNS INICIO DE OBRAS

2.1.- Acordouse conceder autorización para inicio de obras para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Outeiro, s/n - Lalín Arriba, de Lalín

2.2.- Acordouse conceder autorización para inicio de obras para vivenda

unifamiliar no lugar de Souto, 1 – Losón – Lalín.

3.- LICENZA DE OBRA

3.1.- Acordouse denegar a licenza de obra para execución de porche adosado a vivenda unifamiliar illada no lugar de Porto do Alle, 19 – Filgueira.

4.- LICENZA DE SEGREGACIÓN

4.1.- Acordouse conceder licenza de segregación dun parcela en Outeiro, 8 – Lalín de Arriba – Lalín.

5.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA

5.1.- Acordouse a eficacia da comunicación previa de obras para sanear e canalizar auga de chuvia en Cerredo, 16 – Catasós – Lalín.

5.2.- Acordouse a eficacia da comunicación previa de obras para peche de parcela en Trascastro s/n – Lalín.

6.- LICENZAS PARA INSTALACIÓN DE TERRAZA

6.1.- Acordouse conceder licenza para a instalación dunha terraza na Avda. Luís González Taboada, 33 – Lalín.

6.2.- Acordouse conceder licenza para a instalación dunha terraza na rúa Pintor Laxeiro, 4 baixo-Lalín.

7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE

7.1.- Acordouse a eficacia da comunicación previa de actividade para explotación avícola en Maceira-Lalín.

8.- INFORMES PREVIOS

8.1.- Acordouse aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal en relación ao informe preceptivo previo para o subministro de gas natural na r/

Ponte, 75, Lalín.

9.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

9.1.- Acordouse adxudicar o contrato de subministración denominado “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN TEMPORAL DE ELEMENTOS DECORATIVOS DE ALUMEADO DE NADAL NO CONCELLO DE LALÍN 2016-2017”.

9.2.- Acordouse adxudicar o contrato de servizos denominado “SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO DO CONCELLO DE LALÍN” .

9.3.- Acordouse adxudicar o contrato de subministración denominado “SUBMINISTRACIÓN DUN SISTEMA DE ALMACENAMENTO E RESPALDO PARA O CONCELLO DE LALÍN”.

10.- EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURALS E EDUCATIVAS.

10.1.- Acordouse aprobar a proposta de Concesión de subvencions para actividades culturais e educativas.

11.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES CONCELLEIROS DELEGADOS.

11.1.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos en materia de persoal para o ano 2016.

11.2.- Acordouse modificar a base 11 das Bases Reguladoras da concesión de de axudas para a realización de actividades culturais e educativas para o ano 2016 ampliando o prazo de xustificación da subvencions ata o día 9 de decembro de 2016.

11.3.- Acordouse aprobar a conta xustificativa para a adquisición de mobiliario para a Biblioteca Municipal de Lalín

11.4.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento denominado “Adquisición dun camión para a brigada municipal de obras”.

11.5.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento

denominado “*Acondicionamento de local no estadio Manuel A. Cortizo e acondicionamento de pistas cubertas no Lalín Arena*”.

11.6.- Acordouse aprobar o cambio de titularidade na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE en relación ao vado permanente ubicado no baixo do nº 29.

11.7.- Acordouse o cambio de titularidade na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE en relación ao vado permanente nº 457 .

11.8.- Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 18/2016.

11.9.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN OUTUBRO 2016 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA.

11.10.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN OUTUBRO 2016 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA.

11.11.- Acordouse aprobar a conta xustificativa presentada polos once (11) beneficiarios da concesión de bolsas complementarias ao estudo para alumnos/as de centros docentes públicos e privados para o curso 2016-2017.

11.12.- Acordouse aprobar a conta rendida polo solicitante do seguinte pagamento a xustificar: Adquisición de dúas porterías.

11.13.- Acordouse aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao abeiro da Orde do 4 de xullo de 2016 de subvencións de programas desenvolvidos polas corporacións locais para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión.

11.14.- Acordouse aprobar a alta e baixa no servizo de axuda no fogar modalidade dependencia.

11.15.- Acordouse aceptar as renuncias das persoas beneficiarias e das correspondentes bonificacións o programa de transporte de estudantes e do

proceso de concesión das bonificación para uso do mesmo durante o curso académico 2016/2017.

11.16.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade e derivados de actuacións complementarias e acompañamento vinculadas a itinerarios de inclusión social e formación para a persoa solicitante.

11.17.- Acordouse DESESTIMAR a solicitude de declaración da exención do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obra relativa ás obras de Renovación da Cuberta da Igrexa Parroquial de San Lourenzo de Vilatuxe, de Lalín.

12.- FACTURAS E CONTAS.

12.1.- Acordouse aprobar facturas polos importe de:

Relación nº00162 por importe de 32.867,98 €.

Relación nº00165 por importe de 41.794,61 €.

Relación nº00166 por importe de 111,72 €.

13.- CORRECCIÓN DE ERROS.

13.1.- Acordouse corrixir o acordo adoptado na Xunta de Goberno Local de data 14 de novembro de 2016.

13.2.- Acordouse corrixir o erro detectado, recoñecemento da obriga correspondente a factura nº 20160A000016 de data 12-01-2016.

13.3.- Acordouse corrixir o erro detectado, recoñecemento da obriga correspondente á factura nº FAC1607941 de data 30-08-2016.

13.4.- Acordouse corrixir o erro detectado, polo concepto “conectar e verificar 7 postos voz e datos”.

13.5.- Acordouse corrixir o erro detectado na Xunta de Goberno Local o día 14 de novembro de 2016, no punto 9.2 expedientes de contratación.

14.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.

14.1.- Dáse conta do escrito remitido no que solicitan autorización municipal para a colocación de *Totem de Castrodeza* na beirarrúa da entrada ao edificio do Concello de Lalín.

14.2.- Dáse conta do escrito presentado en relación coa licenza municipal de taxi, núm 42.

14.3.- Dáse conta do escrito remitido no que comunican notificación da resolución desestimatoria na actuación “PROXECTO PARA O DESENVOLVEMENTO DE USOS RECREATIVOS DO SENDEIRO DE BUSTELOS”.
